

MANUAL DE CALIDADE
SISTEMA DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE
ESAD DE GALICIA

DE201.01 A ESAD de Galicia

Edicións	Data	Revisións e motivos das mesmas	Aprobación Consello escolar
01	29-04-2014	Primeira edición	18-06-2014
02	10-03-2015	Acreditación ASUG	22-09-2015
03	21-11-2017	Revisión adecuación Orde 21 de novembro	27-02-2018

A ESAD DE GALICIA DESCRIBIÓN DA INSTITUCIÓN

A Escola Superior de Arte Dramática de Galicia foi creada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria mediante o Decreto 145/2005 do 2 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia con data do 6 de xuño de 2005. Medio ano despois o Diario Oficial de Galicia, no seu número 50 do 13 de marzo de 2006, publicaba o Decreto 42/2006, do 23 de febreiro, polo que se modificaba o anterior Decreto 145/2005, e a Escola Superior de Arte Dramática pasaba a denominarse Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

A proposta de cambio de denominación foi realizada por unanimidade polo Consello Escolar da ESAD. Na acta da sesión ordinaria celebrada o día 8 de novembro de 2005, o Consello Escolar tratou no seu punto nove da convocatoria ("Informe da dirección sobre o inicio do curso e outros asuntos relativos á ESAD"), unha proposta anterior do Claustro de profesores e profesoras relativa á solicitude de cambio de denominación da Escola. Nas súas intervencións, o profesorado e o alumnado, comentou aspectos como:

1. O feito de que a ESAD sexa un centro oficial e público.
2. O feito de que sexa un centro para acoller alumnado de toda Galicia e que debe ofrecer servizos educativos a toda a Comunidade Autónoma.
3. O feito de que a denominación proposta expresa mellor esa vontade de servizo a toda a comunidade.
4. O feito de que existan institucións con denominacións similares como o Museo Pedagóxico de Galicia ou a Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia.
5. O feito de que esa denominación supón unha posta en valor do centro e da propia Comunidade Autónoma.
6. O feito de que parece lóxico e pertinente que a denominación "de Galicia" se adxudique a un centro público.

Foi así como o Consello Escolar decidiu por unanimidade solicitar da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa o cambio de denominación para que o centro poida denominarse Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Nas razóns e argumentacións presentadas polo Claustro de Profesoras e Profesores e asumidas e mantidas polo Consello Escolar, tamén se deixaba sentir a importancia de vincular a denominación da escola co espazo xeográfico, cultural e lingüístico no que se sitúa. A ESAD de Galicia é o froito de moitos anos de traballo a prol da normalización educativa, sociocultural, lingüística e mesmo política dunha nacionalidade histórica con trazos diferenciais e cunha personalidade propia, como recoñecera no seu día o Estatuto de Autonomía aprobado en 1936 e como vai recoñecer posteriormente a Constitución Española de 1978 e o Estatuto de Autonomía do 6 de abril de 1981.

Coa denominación proposta, a comunidade escolar da ESAD tamén quería asumir o seu legado histórico, sabéndose debedora e herdeira de experiencias anteriores nas que xa latexaba esa necesidade e o desexo de contar cunha institución pública de educación teatral superior. Na xenealoxía desa preocupación pola formación teatral ocupan un lugar preferente empresas colectivas do calado da Escuela Regional Gallega de Declamación, que funciona na Coruña entre 1903 e 1905 e na que van iniciar as súas actividades profesionais actores e directores como Bernardo Bermúdez Jambrina ou Eduardo Sánchez Miño, quen pouco despois funda a Escola Dramática Galega, coa que propón desenvolver un proxecto de creación teatral vinculado ao Teatro Romea de Ferrol. Son estas compañías que apostan decididamente pola creación escénica en lingua galega mantendo unha denominación que facía unha referencia explícita á urxente necesidade de formación regulada.

Anos despois, en 1919 preséntanse na Coruña o Conservatorio Nazonal do Arte Galego, promovido pola Irmandade da Fala da capital herculina e alentada por creadores e intelectuais galeguistas do calado de Xaime Quintanilla ou Antón Villar Ponte, e ocupando o posto de director artístico Fernando Osorio Docampo, formado no Conservatorio Superior de Lisboa, e profesional do teatro por formación e vocación. A pesar da súa curta vida, aquel Conservatorio veu poñer unha vez máis de manifesto a necesidade da formación, que tamén reivindicaron os continuadores da experiencia na propia Irmandade ao presentar en 1922 a Escola Dramática Galega, coa mesma vocación educativa e á fronte da que se sitúa Leandro Carré Alvarellos, autor dun pequeno prontuario de declamación publicado naquelas datas nas páxinas do semanario *A Nosa Terra*.

Naqueles anos de efervescencia no activismo político, cultural, educativo ou artístico, as páxinas de xornais como *El Pueblo Gallego* foron testemuñas da actualidade e continuidade da idea, que unha e outra vez se presenta como necesidade urxente, e intelectuais de moi diversa filiación reclaman a constitución dunha tal escola, desde Armando Cotarelo Valledor ata Manuel Lustres Rivas, desde Jesús Bal y Gay ata Manuel Lugo Freire. Quizais a necesidade dese centro de formación fose un dos poucos puntos de encontro nos debates que se producen naquela altura e ata 1936 arredor da orientación do teatro en lingua galega.

Coa Ditadura, aquelas esperanzas de modernidade e progreso desapareceron nunha longa noite de pedra para a lingua, a cultura e a creación artística e o teatro galego esmoreceu por falta de posibilidades para a creación e a difusión. Só a finais dos anos setenta, e grazas ao esforzo e á vontade de moi diversos colectivos, desde os universitarios ata os veciñais, e coa contribución xenerosa das diferentes agrupacións escénicas, se abren novas esperanzas e vieiros novos. Coa posta en marcha da Mostra de Ribadavia, e coas Mostras de Teatro e o Concurso de Obras Teatrais en Galego, que supón unha proposta de mellora e dignificación do noso teatro, e co impulso que recibe a creación dramática e teatral coa proposta de profesionalización que se formula por volta de 1978, as necesidades de formación volven agromar con forza e de novo volve coller corpo a idea dun centro superior de formación que vai acompañar todas as reivindicacións da comunidade teatral no seu conxunto, ao tempo que xorden as primeiras escolas municipais e aulas de teatro e cando se volven presentar compañías e agrupacións cunha denominación escolar como a Escola Dramática Galega da Coruña ou o Obradoiro de Aprendizaxe Teatral Antroido. A creación do Centro Dramático galego en 1984 e do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais en 1989 supoñen fitos no proceso de lexitimación e institucionalización dun teatro propio, que se vai ver complementado con outras medidas de configuración do sistema teatral.

Será a partir dos anos 90, e despois da celebración do Primeiro Encontro do Teatro Profesional, celebrado en Ferrol en 1988, cando a necesidade da Escola se deixe sentir aínda con máis forza e na década dos noventa sucédense as iniciativas para activar proxectos en diferentes puntos da nosa xeografía. En 1996 a Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia salientaba esa necesidade nun documento publicado nese ano co título de *Necesidade dunha política teatral*. Eventos como os Encontros do Teatro de Galicia e Portugal, celebrados entre Viana do Castelo e Cangas do Morrazo entre 1997 e 1999 incidiron aínda máis, se cabe, nesa necesidade.

Finalmente, en 1998 o Consello da Cultura Galega publicaba un estudo titulado *Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Proxecto*, no que se desenvolvía unha proposta ao abeiro do disposto na lexislación vixente naquela altura. A presentación daquel traballo remataba cun parágrafo de recoñecemento e agradecemento ás persoas que tiñan presentado proxectos similares con anterioridade, coas palabras seguintes: “estamos tamén seguros de que farán seu este proxecto que nace como suma de todos os anteriores pois co seu traballo, en certa medida inaugural, souberon dar conta dunha necesidade agora compartida por amplos sectores da sociedade galega”. Naquel preámbulo tamén se afirmaba a necesidade de dotar o crecente tecido teatral galego de instrumentos que garantisen a súa plena regularización e o seu progresivo desenvolvemento, lembrando que o das artes escénicas constitúe un sector

produtivo que xera benestar social, riqueza e crea o seu propio mercado de traballo, cada vez máis rico e diversificado.

Na xustificación de motivos que aconsellaban o antedito cambio de denominación do Decreto 42/2006 tamén se dicía que a ESAD de Galicia “está chamada a desenvolver un rol transcendental no referente ás ensinanzas artísticas no ámbito da nosa comunidade autónoma, e polo tanto require que a súa denominación sexa reflexo desa realidade”.

A ESAD de Galicia é, nesa dirección, unha institución singular e fundamental para o desenvolvemento do sistema teatral e cultural de Galicia. Polo tanto nace e debe desenvolverse cunha clara vontade de facer país e de traballar polo progreso social, económico e cultural desta comunidade e dos seus habitantes, promovendo e proxectando a creatividade das súas xentes no interior e no exterior.

A ESAD de Galicia é un centro público oficial que imparte a titulación superior en arte dramática nas especialidades de Escenografía, Dirección escénica e dramaturxia, cos itinerarios en dirección escénica e dramaturxia, e Interpretación, cos itinerarios de interpretación textual e interpretación xestual.

Conta cun edificio de nova planta, sito na rúa Poza Cabalo, no barrio de Navia, que supón a primeira fase dun total de tres, segundo consta no IP201.04. No Plan de Autoprotección aparecen recollidos os diferentes espazos con que consta a Escola neste momento.

A normativa de ámbito autonómico e estatal aplicable está dispoñible nas Normas de Organización e Funcionamento da Escola, o DE301.01. [Iguamente neste Manual de Calidade se conta un Anexo documental, o número III, no que se recolle toda a normativa pertinente.](#)